

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL FEITA O DÍA 23 DE XANEIRO DE 2026.

ASISTENTES:

ALCALDE :Francisco Quintela Requeijo

CONCELLEIROS: D. Juan Carlos García Barreiro,D^a. María Yolanda Valiño Pena e D. Francisco Manuel Crespo Gómez.

SECRETARIO: D. David Veiga Sierra

Na Casa do Concello de Coirós, ás catorce horas e seis minutos do 23 de xaneiro de dous mil vinte e seis, comeza a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local, presidida polo Sr. Alcalde e coa asistencia das persoas que máis arriba se relacionan.

1.- ACTA ANTERIOR.

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da sesión anterior feita o día doce de xaneiro de dous mil vinte e seis.

2.- Aprobación Oferta pública de emprego ano 2026

Vista a vacante producida na plantilla de persoal de este Concello pola xubilación da persoa titular do posto de Técnico electricista e mantemento de instalacións, na categoría de persoal laboral fixo. Vista a necesidade de proceder á aprobación da oferta pública de emprego para o ano 2026 A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes,

ACORDA:

Primeiro. Aprobar a oferta pública de emprego do ano 2026, integrada polas seguintes prazas:

DENOMINACION	GRUPO COTIZACION
Técnico electricista e mantemento de instalacións	08

Segundo. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña para xeral coñecemento.

3.-PLIEGOS EFICIENCIA ENERXETICA CENTRO SOCIAL DE QUEIRIS

Visto o expediente de contratación, denominado MELLORAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO CENTRO SOCIAL DE QUEIRÍS EN COIRÓS, con número de expediente 2025/C003/000006.

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares por os que se rexirá o contrato.

Considerando que se escolleu a tramitación do procedemento aberto simplificado, de conformidade co disposto no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo o antedito, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente é, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017.

Por unanimidade dos presentes, acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a contratación.

SEGUNDO.- Dar orden de que se proceda á publicación do pertinente anuncio no perfil do contratante, para que no prazo de vinte días naturais se presenten as proposicións que se estimen

pertinentes.

4.-ADXUDICACION “ESPAGO VERDE”

Por unanimidade dos asistentes, aprovase:

PRIMEIRO- Adxudicar a empresa Diego García Besteiro, con NIF 33561240P e con dirección telemática garciabesteiro@yahoo.com , o contrato de obras para a execución da obra de “ACONDICIONAMENTO DO ESPAGO VERDE DO CONCELLO DE COIRÓS”, con número de expediente 2025/C003/000003, tramitado mediante procedemento aberto simplificado, cun importe de adxudicación de 65.205,69 € co IVE incluído, (53.889,00 €, mais 11.316,69 € de IVE), cun prazo de execución de 8 semanas, contados a partir da fecha da firma da acta de replanteo, e con unha garantía obrigatoria dun ano.

Motivación da adxudicación:

a) Non foi excluído do acceso á licitación ningún licitador.

b) A empresa adxudicataria foi seleccionada xa que acadou a maior puntuación no proceso, logo de aplicar os criterios de adxudicación recollidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares, e dicir, 39,60 puntos, polo que a converte na proposición máis vantaxosa.

SEGUNDO-Requirir á empresa adxudicataria para que formalice o contrato nun prazo non superior aos quince días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación da adxudicación.

TERCEIRO- .Nomear director de obra, coordinador de seguridade e saúde e responsable do contrato aos efectos previstos no artigo 62.2 da LCSP, ao enxeñeiro Iago Pedreira Bestilleiro.

CUARTO.-Formará parte do contido do contrato o prego de cláusulas administrativas particulares, o proxecto da obra, e a proposta presentada por o adxudicatario.

QUINTO.-Notificar o presente acordo ós licitadores, ó director de obra e ordenar a súa publicación no perfil do contratante.

5.- LICENZAS

5.1.- EXP:2025_U022_0000012

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS PARA VIVENDA UNIFAMILIAR PREFABRICADA E PISCINA. SOLICITANTE: Bibiana Ortiz Deive NOTIFICACIÓN:

bibianaortizdeive@gmail.com SITUACIÓN: Coirós de Arriba REF. CATASTRAL: 7789104NH6878N0001PG

DOCUMENTACIÓN: Proxecto básico modificado e proxecto de execución (nov 2025)

ORZAMENTO:

PEM: 47.058,83€

SUPERFICIES: SUP. PARCELA: neta 1.217,33m² SUP. COMPUTABLE: 83,21m² SUP.

OCUPADA: 151,01m² ALTURA: ALTURA: PB. 3,22m

TÉCNICOS: REDACTOR: Eva María Álvarez Fernandez col 3217 COAG DIRECTOR OBRA:

Eva María Álvarez Fernandez col 3217 COAG DIRECTOR EXECUCIÓN: Daniel Tudo Anta

arquitecto técnico col 1811 COAT AC COORD. SEG. E SAÚDE: Daniel Tudo Anta arquitecto

técnico col 1811 COAT AC SERVICIOS: segundo proxecto conectase á rede de sumidoiros e rede de abastecemento. SUP. CESIÓN: xa cedidos: 321,13m². obxecto de cesión: 92,13m²

Por unanimidade dos asistentes concedese a licenza de obras solicitada coas seguintes

OBSERVACIÓNS: 1. O presente informe favorable contempla as obras de vivenda unifamiliar prefabricada e piscina cunha superficie construída incluído porche de 83,21m² e piscina no lugar de Coirós de Arriba na parcela con referencia 7789104NH6878N0001PG. Segundo o proxecto:

Modificado de básico e proxecto de execución asinado pola arquitecta Eva Maria Alvarez

Fernandez colexiada 3217 COAG 2. A cesión de terreos pendente para a regularización de viais

(92,13m²) deberá realizarse en documento público e deberá cederse libre de cargas e construcións e a rasante do vial ao que da fronte sen interromper o curso das augas pluviais. Non se pretende a construción de peche. En calquera caso a delimitación da parcela deberá estar definida para a visita

de comprobación. 3. Os puntos de conexión coas redes de servizo serán as indicadas pola empresa concesionaria e/ou subministradoras correndo ao cargo do promotor as conexións. No caso de non existir rede de recollida de pluviais deberá resolverse no interior da parcela. Atendendo á ordenanza municipal de saneamento a piscina non poderá conectarse á rede de sumidoiros municipal debendo resolverse de forma autónoma. Indicando en proxecto o vaciado con motobomba.

4. . Deberase cumprir en todo caso a norma de aplicación directa de adaptación ao ambiente (art 91da LSG) 5. O prazo de inicio das obras será de seis meses, contados dende a notificación da licenza municipal correspondente e deberán concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, non podendo interromperse as obras por tempo superior aos 6 meses. En caso necesario o promotor pode solicitar prórroga segundo o disposto no artigo 145.2 da LGS. 6. Antes do inicio da obra deberá situarse visible dende a vía pública cartel de obras indicando como mínimo a seguinte información: ▪ Obxecto da obra ▪ Promotor das obras ▪ Técnicos da dirección facultativa ▪ Empresa construtora ▪ Data de comezo efectivo da mesma ▪ Data de terminación prevista segundo prazos exixidos 7. Unha vez realizadas as obras deberá comunicarse ao Concello a primeira ocupación.

5.2.-2026 /U026/000001

. Vistos os expedientes e informes emitidos nos mesmos, en virtude da delegación feita polo Sr. Alcalde o vinte e sete de xuño de dous mil vinte e tres, por unanimidade dos asistentes, acórdase :
- Tomar razón de comunicación previa solicitada para colocación tella , por Maria Elena Noya Campos con DNI :32799876J e con dirección en Queiris 68 con ref catastral 6809508NH6960S0001FK

A documentación presentada coa comunicación previa é suficiente e as obras descritas axústanse á normativa vixente aplicable.

Verificable na Sede Electrónica do Organismo.CVD:++GLVUmd8jJlj7QycDgB

1.- Segundo a documentación presentada, as obras descritas están sometidas ó réxime de comunicación previa, de acordo co artigo 142º da Lei 2/2016, do solo de Galicia. 2.- O Concello de Coirós acusa recibo da execución de obras en réxime de comunicación previa. 3.- O interesado declara, baixo a súa responsabilidade:- Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na comunicación e documentación que se anexa- Que as actuacións que se detallan cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación no Concello e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas.- Que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, así como concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular ou tra administración pública.- Que as obras e os materiais que se empreguen harmonizarán co conxunto do entorno.- Que a edificación non está suxeita a ningún

tipo de catalogación nin protección histórico-artístico, nin afecta a dominio público.- Que non se van realizar obras suxeitas ao deber de obtención de licenza .

4.- Neste trámite compróbase que a documentación está completa, é veraz e acomoda inicialmente á legalidade. O procedemento finaliza coa inspección das obras. 5.- A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se incorpora á comunicación previa comporta, tras a audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada, sen perxuízo da incoación do expediente de reposición da legalidade e/ou sancionador que proceda. 6.- As obras non poderán iniciarse ata o transcurso de 15 días hábiles contados dende a presentación da comunicación coa documentación completa e deberá finalizarse no prazo fixado na documentación ou no seu defecto nun prazo máximo seis meses. 7.-

DISPOSICIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE: Na execución dos traballos o construtor terá que cumprir as condicións establecidas no artigo 11º do “Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de

construción así como de xestión de residuos da construción. 8.- RESIDUOS: Deberase cumprir o establecido no D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición así como a Lei 6/2021 de residuos e solos contami nados de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES: 9.- As cores e materiais deberán ser acordes co medio rural no que se implantan. 10.- As obras poderán consistir exclusivamente en “colocación de tella sobre uralita existente” 11.- No caso de existencia de materiais considerados perigosos (fibrocmeento con amianto) debера se realizar comunicación previa para realizar calquera actuación sobre eles, indicando a correscta xestión de residuos 12. Estarase en todo caso ao disposto na autorización de estradas do Estado en Galicia achegada pola interesada (L-LC 3215)

6.- ACOMETIDA ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO

5.3-Vista a solicitude remitida pola empresa Espina y Delfín, concesionario do Servizo municipal de abastecemento de augas, os expediente e os informes emitidos pola mesma, por unanimidade dos asistentes, acórdase:

- Autorizar á empresa concesionaria para realizar a acometida e contrato de abastecemento e de saneamento no Lugar de Figueiras 39 en parcela con referencia catastral : 8579305NH6887N0001ZW solicitado por Talia-Aglamajaquers Silva Marcote .

7.-PLAN DE INCENDIOS -CONVENIO

por unanimidade dos asistentes acordase :

7.1.- solicitar a adhesión o convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia ,a través da Consellería do Medio Rural, e Seaga ,en materia de prevención e defensa contra incendios forestais ,para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

7.2.-exposición ao público do plan municipal de prevención e defefensa contra os incencendios forestais do concello de Coirós.

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon. E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde deu remate á sesión sendo as catorce horas e daza e sete minutos, do que eu, Secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO